

PRÓRROGA DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

(DEBE SOLICITALA O ESTUDANTADO AO QUE LLE REMATE O PRAZO PARA O DEPÓSITO DA TESE DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2021/2022)

Procedemento

1. Solicitude de prórroga:

- Solicitude motivada a través da Secretaría Virtual do/a Estudante (“Doutoramento RD 99/2011”- “ Expediente” – “Solicitude de Prórroga”)
- Período de solicitude: do 15 de xuño ao 31 de agosto
- Debe solicitar a prórroga o alumnado cuxa data límite de depósito da tese estea comprendida dentro do curso académico 2021/2022. **(Unicamente para o efecto de solicitar a prórroga, o curso académico considerárase comprendido dende o 01/10/2021 ao 30/09/2022)**.
- Requisitos para solicitar a prórroga:
 - estar matriculado/a no curso académico 2020-2021.
 - ter aprobado o plan de investigación.
 - ter superada a última avaliación anual.
 - que a data límite de depósito da tese sexa anterior ao 01/10/2022.

2. Informe do perfil autorizado¹:

- Informe motivado dos/as directores/as/titor/a de tese, a través da *Secretaría Virtual* do PDI.
- Período de realización do informe: 15 de xuño a 14 de setembro de 2021.

3. Resolución da solicitude:

- Resolución motivada favorable ou desfavorable da Comisión Académica do programa, a través da *Secretaría Virtual* do PDI.
- Período de resolución (coincidente co período de avaliación anual): **15 a 30 de setembro de 2021**.

4. Matrícula:

- 1º prazo ordinario de matrícula (O 1º prazo ordinario de matrícula que indique o calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento curso 2021-2022)

Prazos

Solicitude de prórroga	15 de xuño a 31 de agosto de 2021
Informe do perfil autorizado (director/a da tese)	15 de xuño ao 14 de setembro de 2021
Resolución da CAPD	15 a 30 de setembro de 2021
Matrícula	1ª prazo ordinario de matrícula indicado no calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento 2021/2022

NORMATIVA: Artigo 3 do Real decreto 99/2011 e artigos 24 e 25 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.

Artigo 24. Duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

A duración dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial será, respectivamente, dun máximo de tres e cinco anos. En cada caso, esta duración contarase desde a primeira matrícula do doutorando polo concepto de tutela académica do doutoramento ata a presentación da solicitude do depósito da tese de doutoramento.

Artigo 25. Prórrogas para a realización dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial

1. Se a solicitude do depósito da tese de doutoramento non se presenta transcrito o prazo establecido, a CAPD podería autorizar a prórroga do prazo, logo da solicitude do doutorando. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. De forma excepcional, podería ampliarse este prazo en ambos os casos en outro ano adicional. A autorización das citadas prórrogas farase de forma motivada e de acordo coa normativa da UDC.

2. Simultaneidade de estudos non será motivo para a concesión de prórroga.

¹ Informe do perfil autorizado: informe da dirección da tese (no caso de varios directores dunha mesma tese, só un deles está autorizado para realizar o informe desta tese a través da Secretaría Virtual do PDI)